

AS NOVAS REGRAS FISCAIS DA UE RECORTAN O INVESTIMENTO EN SERVIZOS BÁSICOS PARA A CIDADANÍA

Un estudo da Confederación Europea de Sindicatos (CES) e New Economics Foundation alerta das consecuencias da reforma fiscal europea, que prexudicará o investimento necesario en infraestruturas sociais como escolas, hospitais ou vivendas

Redacción.- A recente reforma das regras fiscais que rexerán as contas dos Estados membro da Unión Europea (UE) é unha prioridade para a CES, ao entender que supón unha volta ás políticas de austeridade que tan negros resultados tiveron na pasada década na Unión. UGT mostrouse moi crítica con esta reforma e realizou todo tipo de accións para minimizar as partes máis lesivas do seu contido, aínda que o resultado final dista moito de ser minimamente satisfactorio.

Neste sentido, a CES e New Economics Foundation publicaron o estudo: 'Navegar polas limitacións para progresar: Exame do impacto das normas fiscais da UE nos investimentos sociais e ecolóxicos', segundo o cal a maioría dos Estados da UE non poderán cumprir os obxectivos comunitarios de investimento en escolas, hospitais, vivendas, etc. cando as regras entren en vigor.

As propias cifras que presentou a Comisión Europea (CE) mostran que o investimento requirido en infraestrutura social en Europa xa ten un déficit de 192 mil millóns de euros ao ano, é dicir, todos os anos invístense case douscentos mil millóns de euros menos do necesario para a cidadanía europea. Ao mesmo tempo, para UGT, é destacable que, segundo as propias enquisas da Comisión, a política climática, social e de vivenda son as prioridades das e os cidadáns europeos.

Tomando as cifras da Comisión, o estudo conclúe que é necesario aumentar o investimento anualmente en 120.000 millóns de euros en sanidade, 57.000 millóns de euros en vivendas alcanzables e 15.000 millóns de euros en educación. Pero en 2027, cando as novas regras fiscais estean en pleno vigor (sen o respaldo do MRR), impoñeranse límites arbitrarios á débeda e o déficit e, en consecuencia, 18 Estados membros, entre eles Alemaña, Francia, Italia, España e Polonia, non poderán realizar os investimentos necesarios para pechar a

brecha cifrada pola Comisión; só tres Estados membro terán capacidade fiscal para cumprir os propios obxectivos de investimento verde da UE; e mesmo se se ampliase o Fondo de Recuperación e Resiliencia da UE, só cinco países poderían cumprir os seus obxectivos de investimento social e verde.

Priorizar as necesidades das persoas

O informe dá cifras tamén sobre o contraproducente que resulta esta nova gobernanza económica para os obxectivos sociais e climáticos da UE e como, en lugar de investir, os Estados membro estarán obrigados a realizar recortes por valor de máis de 100 mil millóns de euros en 2027. A AIREF estimou para España un recorte do 0,64% do PIB anual: uns 9.600 millóns de euros anuais co plan a 4 anos, ou un 0,36% de axuste (5.400 millóns de euros) se finalmente o Executivo español comprométese cunha serie de reformas para ampliar o axuste ata os 7 anos.

Segundo os cálculos de UGT, este recorte esixido polo plan a 4 anos resultaría nun axuste case idéntico ao proposto polas antigas regras e á regra do 1/20. Isto demostra o fracaso dunhas negociacións que non foron capaces de incorporar as reivindicacións da maioría social e, en concreto, o esixido polos sindicatos. Tanto a UGT, como a CES, opuxéronse durante este proceso á inclusión dunhas salvagardas numéricas estritas para a redución do déficit e débeda. Con todo, non só seguen aparecendo estas, senón que se permitirá (a través da Análise de Sustentabilidade da Débeda, DSA polas súas siglas en inglés) que os axustes propostos vaian mesmo máis aló.

O estudo demostra tamén que, en caso de instaurar un novo mecanismo de investimento para poder cumprir coas prioridades comúns da Unión, este tería



que ser máis de tres veces maior que o actual MRR para ter posibilidades de mitigar o dano das novas regras fiscais. Isto reflicte a complicada situación á que se enfrenta o proxecto común europeo. Por unha banda, decidido a incrementar a capacidade de resposta fronte aos diferentes shocks ocasionados polas crises que se sucederon nos últimos anos e, por outro, empeñado en continuar dificultando o reforzamento do público e dos instrumentos capaces de mellorar as condicións materiais dos cidadáns europeos.

Nun contexto de baixo investimento privado, o estrangulamento do investimento público freará o impulso que a política industrial europea necesita para crear postos de traballo de calidade, e arrastraranos aínda máis cara a outra recesión innecesaria. Todo iso, desde o único obxectivo de alcanzar os límites arbitrarios que esixe esta doutrina económica obsoleta.

Por todo iso, UGT e a CES defenden que Europa necesita regras económicas que dean prioridade ás necesidades da clase traballadora. As propias enquisas da UE mostran consistentemente que así o entende tamén o conxunto da cidadanía, polo que a adopción de medidas de austeridade a poucos meses das eleccións europeas é, ademais dun grave retroceso, unha extrañísima estratexia política: adoptar as regras fiscais propostas significará ter menos hospitais, escolas e vivendas alcanzables nun momento en que a presión sobre estes elementos do estado de benestar está a aumentar.

AS TRABALLADORAS E TRABALLADORES DE INDITEX MANIFESTÁRONSE NA CORUÑA PARA REIVINDICAR UNHA NEGOCIACIÓN PARA TODO O PERSOAL



Redacción.- As traballadoras e traballadores das tendas do grupo Inditex manifestáronse o pasado día 7, o domingo, polas rúas da cidade da Coruña para reivindicar unha negociación que afecte ao conxunto do persoal e non a unha porcentaxe ínfima. A manifestación partiu da Praza de Lugo e rematou na Rúa Real.

Despois do éxito das concentracións do pasado día 22 en distintas cidades de España, agora tocou manifestarse na cidade da sede central da multinacional.

O día 3 mantívose unha reunión coa dirección na que Inditex constituíu oficialmente unha mesa de negociación pero a súa proposta segue sendo a mesma que na reunión anterior, o pasado 19 de marzo.

PRIMA DE VINCULACIÓN:

2024: 1120€/ANO

2025: 1260€/ANO

2026: 1400€/ANO

Cobraríase a partir dos 25 anos de antigüidade, absorbería todos os conceptos relacionados coa antigüidade dos convenios colectivos (plus de transporte, plus de permanencia...) e non o cobrarían as persoas que superen 48000€ brutos ao ano.

Isto supón unha afectación mínima, posto que o persoal con esta antigüidade é moi pouco e a iso hai que sumarlle que en moitos convenios colectivos xa existen estes conceptos, polo que se absorbería e non afectaría.

REDUCCIÓN DE XORNADA EN FUNCIÓN DA IDADE:

A partir de 58 ANOS: Con máis de 20 anos de antigüidade: 12 horas menos de traballo por ano, para contratos de máis de 24 horas. 6 horas menos ao ano para contratos de menos de 24 horas. Con menos de 20 anos de antigüidade: 8 horas menos de traballo por ano, para contratos de máis de 24 horas. 4 horas menos ao ano para contratos de menos de 24 horas.

Esta medida non chega a afectar a un 5%

do persoal actual.

Incentivar o traballo en sábado tarde, aumentando a comisión por venda.

Aumentar o bono anual nun máximo de 200€/ano, a condición de que se cumpra o 100% do obxectivo por vendas, o cal marca a propia empresa.

Por todo iso, e dada a postura que ten Inditex nesta negociación, os/as traballadores/as das tendas do grupo saíron á rúa este domingo para demostrarlle que queremos unha negociación que nos afecte a todos/as e que, se queren primar a experiencia, como así dixeron, que o demostren.

Dende UGT insítese en que hai moitas demandas enriba da mesa que non están a ser atendidas, entre elas, destaca o problema da antigüidade que leva conxelada dende hai anos, así como a equiparación das axudas sociais en todos os centros de traballo do grupo.

Tamén se reclaman outras melloras laborais en materia de pluses, días de libre disposición ou libranzas nos sábados.

NON O ESQUEZAS!! A COTA SINDICAL DESGRAVA

O borrador automático da declaración elaborado por Facenda non inclúe esta dedución, que pode supoñer un aforro na cota anual sindical de entre un 20% e un 35% aproximadamente. Así pois, terás que modificar o borrador para incluíla:

Cuadrícula 14: apartados declaración -> Datos económicos -> Rendementos do traballo -> Cotas satisfeitas a sindicatos.

En principio non é necesario ter o certificado da organización, só tes que poñer na declaración a cota total que pagaches ao longo do ano 2023 pola túa afiliación.



VIGO ACOLLEU ESTE XOVES UNHA MANIFESTACIÓN PARA DENUNCIAR O FORTE INCREMENTO DA SINISTRALIDADE LABORAL MORTAL

Redacción.- UGT-FICA-Vigo, xunto con CCOO e CIG, convocaron unha manifestación este xoves en Vigo ante a "inadmisíble onda" de mortes en accidente laboral tanto na provincia de Pontevedra como en Galicia en xeral.

Os tres sindicatos reivindicaron a importancia desta manifestación, non só en solidariedade coas familias dos falecidos, senón en repulsa desta situación, xa que no que vai de ano morreron sete persoas nos seus postos de traballo na provincia de Pontevedra e nove no total da Comunidade galega.

"Parece mentira que a prevención se estea tomando como algo baladí", lamentaron e puxeron o foco na importancia de concienciar á sociedade, xa que os accidentes laborais non só afectan á industria, senón tamén ao resto de sectores.

Con esta manifestación pretendeuse visibilizar o "goteo permanente" de mortes no traballo. Nos tres primeiros meses de 2024, contabilizáronse xa 85 falecidos en España, pechando 2023 con máis de 700.



UGT FICA Vigo demanda ás empresas e ás administracións que "combatan esta lacra" e que se actualice "de forma ambiciosa" a Lei de prevención de riscos laborais.

Falta de formación e precarización

Os tres sindicatos aseguraron que moitos destes accidentes mortais débense á "falta de formación" dos traballadores, solicitando investimento neste aspecto, tanto público

como privado. Neste punto, indicaron que varias das persoas que perderon a vida levaban poucos días nos seus postos de traballo, o que demostra que esta falta de formación é real.

Detrás de cada morte hai unha familia que queda nunha situación complicada. Ademais, denunciaron que na actualidade moitos dos accidentes laborais non son investigados, a pesar de que acaban con traballadores con baixas de longa duración ou con invalidez.

CONTINUÁN AS MOBILIZACIÓNS NA SANIDADE PRIVADA DA PROVINCIA DA CORUÑA POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- As mobilizacións na sanidade privada da provincia da Coruña continúan ante a imposibilidade de pechar un convenio digno coa patronal do sector.

Esta pretende retirar o sistema de trienios, négase a pagar os domingos, négase a establecer unha xornada anual paralela á media do resto do Estado, non actualiza as táboas salariais...

Fronte a isto, a resposta dos traballadores e traballadoras do sector vaise manter e intensificar no tempo. Así, xa tiveron lugar varias xornadas de folga e están previstas outras os días 15, 16 e 17 de abril; e 13, 14, 15 e 16 de maio.

En canto ás mobilizacións, esta semana, o día 11 tivo lugar unha concentración fronte ao H.M. La Rosaleda, en



Santiago; o 23 de abril, no Cardona; o 2 de maio no San Rafael, na Coruña; o

8 de maio na Robleda, Santiago; e o día 22 de maio no Belén, na Coruña.

UGT LEMBRA QUE OS PROXECTOS ALTERNATIVOS AO PECHE DE ENDESA (AS PONTES) PRECISAN DE PARQUES DE AEROXENERACIÓN E PREOCÚPALLE A INSEGURIDADE XURÍDICA QUE SE ESTÁ A XERAR AO SEU REDOR

UGT-Endesa rexeita a denuncia realizada polo BNG de As Pontes en relación a 7 aerogeradores do parque Tesouro de Endesa que conta coa Declaración de Impacto Ambiental

Redacción.- A Sección sindical de UGT en Endesa (As Pontes) lembra que no ano 2019 Endesa, ademais de presentar a solicitude formal do peche da central térmica das Pontes, achegou tamén unha batería de proxectos para mitigar o impacto do peche das instalacións. Parte destes propósitos, planta de H2, planta de biocombustibles, centro de formación de EGP fóronse caendo, o mesmo pasou con outros proxectos expostos para o enclave, como a estación de bombeo de Reganosa. O resto de proxectos continúan co seu desenvolvemento, Sentyury Tires, planta de H2 de Reganosa+EDP+Siemens, proxecto de Ence ou a estación de bombeo de Magtel. Salvo o de Ence, que contempla a súa propia planta para autoabastecemento, o resto dependen da implantación de parques de aeroxeneración na zona.

Desde UGT FICA Endesa Galicia véese con preocupación como, sistematicamente, estanse denunciando todos e cada un dos proxectos de desenvolvemento eólico a nivel autonómico e como algúns deles están a sufrir paralizacións, o que supón poñer en grave risco, non só ditas instalacións de aeroxeneración, senón tamén os proxectos que dependen desa enerxía renovable e limpa.

Por outra banda, Endesa obtivo Decla-

racións de Impacto Ambiental favorable para 490 dos 610 MW que tiña autorización de conexión no nó das Pontes xa antes do anunciado peche da central, non en balde estes proxectos levan ata 10 anos de tramitación administrativa.

Precisamente, neste senso, o Sindicato amosa a súa contrariedade por denuncias como a realizada recentemente polo BNG de As Pontes en relación a 7 aerogeradores correspondentes ao parque Tesouro de Ence no vertedoiro da xa pechada central térmica. Nesta denuncia alertábase sobre o impacto irreversible no ecosistema do propio vertedoiro e sobre a acidificación do lago das Pontes, en base a declaracións de "expertos e persoas coñecedoras".

Desde UGT-Endesa-As Pontes destácase o traballo realizado polos profesionais de Endesa á hora de planificar e defender o proxecto man a man coas distintas administracións para garantir, precisamente, que se puidese encaixar o aproveitamento das enerxías renovables nun ecosistema como o do vertedoiro e por extensión o lago das Pontes que hai que lembrar que son froito de sendos proxectos tamén de Endesa con recoñecemento internacional polos excelentes



resultados obtidos.

É importante lembrar que este parque de Tesouro é un dos que contan con declaración de impacto ambiental favorable e que, para iso, tivéronse que cumprir as altísimas esixencias de Patrimonio Natural da Xunta Galicia, Augas de Galicia, Patrimonio Cultural... como resultado, a Administración autonómica da man dos seus profesionais e expertos emitiu unha autorización ambiental integrada satisfactoria con todo o que iso implica.

Desde UGT FICA Endesa Galicia faise un chamamento aos partidos políticos para que, dunha vez por todas, deixen de lado as súas discrepancias e traballen unidos para sacar adiante os proxectos necesarios para a reindustrialización dunha rexión tan castigada durante os últimos anos polo incesante peche de empresas.

MOBILIZACIÓN EN ABAI BUSINESS SOLUTIONS A CORUÑA O XOVES E FOLGA O DÍA 17

Redacción.- Os traballadores e traballadoras de Abai Business Solutions A Coruña apoiaron en asemblea o inicio dun calendario de mobilizacións que se abriu este xoves cunha concentración fronte á tenda de Movistar na Praza de Pontevedra, na Coruña, e continuará cunha xornada de folga o día 17 e cunha manifestación que sairá ás 19.00 horas do Edificio Proa.

O Comité denuncia a falta dun plan por parte da dirección de Abai que garanta todos os postos de traballo e a viabilidade do centro da Coruña.

Lembrar que a subcontrata de Movistar levou a cabo en xuño de 2023 un ERTE que afectou a máis de 50 persoas na Co-

ruña. Expediente que no seu momento xa fora rexeitado polos sindicatos porque non estaba xustificado, xa que a carga de traballo con Movistar mantíñase. Durante os 9 meses que durou a situación, a dirección non se tomou en serio as reubicacións, non puxo en marcha novas campañas no centro da Coruña nin permitiu as reincorporacións. Finalizado o ERTE, as traballadoras e traballadores reincorpóranse pero sen asignación de posto ou servizo e sen carga de traballo, o



que parece unha excusa para destruír empregos e unha falta de compromiso co futuro do centro da Coruña. Todo isto leva aos traballadores e traballadoras a iniciar un calendario de mobilizacións.

O GOBERNO DEBE DESBLOQUEAR O ESTATUTO DO BECARIO QUE TEN PARALIZADO

Eduardo Magaldi lembrou na Comisión de Xuventude e Infancia do Congreso que medidas como a reforma laboral ou a suba do SMI beneficiaron de xeito especial aos máis mozos



Redacción.- O portavoz de RUGE- Revolución Uxetista, Eduardo Magaldi, compareceu na Comisión de Mocidade e Infancia do Congreso dos Deputados onde sinalou que, en materia de emprego, as políticas que máis beneficiaron aos mozos foron “as que afectaban a toda a poboación debido a que, en moitos casos, as que se deseñaban de maneira específica para mozas tiveron o efecto contrario”.

Eduardo Magaldi subliñou que o exemplo máis claro foi a reforma laboral, “que trouxo un efecto de creación e estabilización de emprego sen precedentes entre as persoas mozas pasando dun desemprego xuvenil en 2020 superior ao 40% ao actual que se sitúa no 28%”.

“Un dato que podería explicarse pola boa situación da economía española, pero que vén acompañado doutros como que durante os primeiros anos de reforma a contratación indefinida quintuplicouse e de supoñer o 7% do total, é agora o 34%, un crecemento moi por encima do resto de tramos de idade”.

“A temporalidade xuvenil pasou do 55,4% a finais de 2021 ao 34,7 %

a finais do 2023, 20 puntos menos en tan só dous anos. De maneira que hoxe a mocidade ten unha maior estabilidade e certeza laboral grazas ás políticas que levaron a cabo os interlocutores sociais. E o mesmo co SMI, dado que dos máis de 2,5 millóns de persoas que afectou, un 24,2 %, é dicir, 1 de cada 4, son menores de 30 anos”, engadiu.

Con todo, Magaldi advertiu de que estas melloras non son suficientes para mellorar, por exemplo, os datos sobre emancipación xuvenil, porque a realidade é que “fronte a un mercado inmobiliario prohibitivo”, necesitamos “unha lei de vivenda máis ambiciosa”.

Ademais, Eduardo Magaldi lembrou que “as políticas para incentivar a contratación de mozas e mozos desde os 90 foron un absoluto desastre” e é esencial “levar a cabo unha revisión inmediata deste sistema de incentivos á contratación” que só serviu para crear “un abanico de opcións de precarización do traballo para que ás empresas lles fose máis atractivo contratar a mozos”.

Retos por afrontar

O portavoz de RUGE- Revolución Uxetista incidiu en que se retorceu tanto o modelo de prácticas formativas que hai empresas en cuxo plantel de persoal o 70% son persoas bolseiras e só os 30% traballadores por conta allea e “de ser pequenos períodos de aprendizaxe, convertéronse no sistema de acceso ao mercado de traballo habitual”. Por iso, reivindicou o acordo alcanzado sobre o Estatuto do bolseiro e esixiu ao Goberno que “inicie o trámite parlamentario do estatuto das prácticas non laborais que teñen paralizado inxustificadamente”.

Así mesmo, manifestou que, en materia de Políticas Activas de Emprego, é fundamental establecer un sistema de seguimento e control que avalíe cada medida de maneira específica e que, outra conta pendente é mellorar a coordinación entre as CCAA e o Estado, pero o reto máis importante é vincular estas políticas a outras de desenvolvemento industrial e de sectores produtivos estratéxicos para que todo ese potencial de creación de emprego neto súplase con persoas mozas da garantía xuvenil que recibiron unha atención personalizada e unha formación dirixida a ocupar estas novas oportunidades de emprego.

UGT ESIXE AO GOBERNO UNHA MESA PARA ABORDAR OS PROBLEMAS DO CAMPO

Pepe Álvarez destacou nunha concentración fronte ao Ministerio de Agricultura que hai que dignificar as condicións laborais no campo e seguir subindo o SMI

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, participou este xoves xunto ao secretario xeral de UGT FICA nunha concentración fronte á sede do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) para reclamar que se lles teña en conta no diálogo do Goberno co sector.

En declaracións aos medios de comunicación, Pepe Álvarez subliñou que é necesario escoitar aos traballadores e traballadoras do campo e telos en conta porque “isto non vai só de falar cunha parte, os traballadores e traballadoras agrícolas necesitan que nesa mesa estean presentes os seus representantes e as súas reivindicacións”.

Álvarez manifestou que hai que dignificar as condicións laborais no campo porque “non pode ser que en pleno século XXI os traballadores e traballadoras agrarias estean en risco de pobreza”, polo que é fundamental “garantir as condicións laborais e transformar o sector”.

“Hai que falar do aloxamento das persoas que traballan no campo no noso país, da inspección laboral dos abusos que se producen e abordar, como acordamos na reforma laboral, a extensión do contrato

fixo discontinuo como un instrumento de asentamento dos traballadores e traballadoras nas zonas da España baleirada”, explicou.

“Ademais, é necesario analizar a relación laboral deses traballadores coas súas patronais e que, cada vez que subimos o SMI, tocamos a maioría dos convenios do sector agrario”, engadiu.

Garantir as condicións laborais e transformar o sector

Neste sentido, Álvarez reclamou un convenio estatal para o campo “que dignifique o traballo en todos os territorios e non deixe a ningunha provincia atrás” e que se “estenda o acceso ao subsidio e renda agraria a todo o Estado, así como desenvolver xa, no marco do Diálogo Social, o regulamento para a integración do Réxime



Especial Agrario ao réxime xeral da Seguridade Social, ou prestar especial atención á prevención de riscos laborais no sector”.

Por todo iso, esixiu ao Goberno que abra “de maneira inmediata unha mesa de negociación para poder falar dos temas do campo, da agricultura, a gandería e as condicións de traballo das persoas que traballan no campo”.

“Retomar o diálogo social tripartido, seguir subindo o SMI, condicionar socialmente as axudas da PAC e dignificar o traballo no campo para atraer mozos formados”, concluíu.

O BCE IGNORA A REALIDADE ECONÓMICA E SOCIAL

UGT instale a que baixe os tipos de interese e teña en conta as necesidades sociais e non só as do capital financeiro

Redacción.- A reunión deste xoves mantida polo Consello de goberno do Banco Central Europeo (BCE) confirmou o mantemento dos tipos de interese, tal e como viña anunciando. O tipo de interese xeral seguirá no 4,5%, mentres que a facilidade de depósito permanecerá no 4%. Segundo as previsións, haberá que esperar ata a seguinte reunión de xuño para comezar coa máis que necesaria e esperada baixada de tipos.

Esta decisión prodúcese despois de coñecer o dato de inflación de marzo para a Eurozona, dun 2,4%, o que a sitúa moi próxima ao obxectivo do 2% que establece o propio BCE. Mentres, as expectativas de crecemento deste ano para a zona euro non remontan (0,4% en 2023) e colócanse no 0,6%, algo que debería preocupar e influír en maior medida nas decisións de política

monetaria.

Esta mala previsión de crecemento responde en boa parte ás condicións de financiamento actuais, as cales dificultan tanto o pago de intereses por parte das familias endebedadas, coa súa consecuencia nunha retardación do nivel de consumo, como as posibilidades de investimento da economía, a cal mostra niveis preocupantes no actual contexto ao que se enfronta a estratexia europea das transicións verde e dixital. En España, a formación bruta de capital fixo contraeuse un 2% no último trimestre de 2023, e espérase que en 2024 siga estendéndose este mal desempeño.



Desde a UGT seguimos reivindicando que o BCE tome en consideración o obxectivo do pleno emprego -ademais do control da inflación-, para que este inflúa nas decisións de política monetaria, e que desta forma téñanse en conta as necesidades materiais do conxunto da sociedade e non só as do capital financeiro.